

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO , NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE MÁQUINA ENFRIADORA PARA A CLIMATIZACIÓN DOS ESPAZOS ADICADOS A CAFETERÍA E RESTAURANTE NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE.

CADRO DE CARACTERÍSTICAS

A. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente procedemento de licitación é a contratación pola Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (en diante, EXPOURENSE), da subministración e instalación de máquina enfriadora para a climatización dos espazos destinados á cafetería e restaurante no recinto feiral de Expourense. As máquinas destinadas á climatización das áreas de cafetería e restaurante no pavillón de Expourense, instaladas desde a construción do recinto, son cada vez máis susceptibles de avarías, expoñendo a prestación do servizo de cafetería e restauración, en réxime de concesión.

Por outra banda, a substitución desta maquinaria de alta eficiencia suporá unha mellora nos consumos, ademais de comfort para os usuarios.

CPV: 42500000-Equipos de refrixeración e ventilación., 42512000-Instalacións de aire acondicionado., 42512300-Unidades de climatización, 42520000-Equipo de ventilación., 45310000-Traballos de instalación eléctrica., 45331200-Traballos de instalación e ventilación e aire acondicionado.

B. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER

A subministración e instalación deste equipamento permitirá garantir a confortabilidade dos espazos climatizados de cafetería e restaurante, dun xeito máis eficiente e evitando os mantementos correctivos da actual maquinaria, cada vez máis frecuentes por outra banda.

C. PROCEDIMENTO DE ADJUDICACIÓN, TRAMITACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

A adjudicación realizarase a través do sistema de procedemento aberto simplificado, ao abeiro do disposto nos artigos 131, e 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP).

A tramitación do procedemento será, documentalmentesimplificada e con varios criterios de adjudicación.

O lugar de presentación de proposicións será no Rexistro da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, sito en Finca Sevilla, s/n, 32005 Ourense e o prazo de presentación será o indicado no anuncio de licitación.

D. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O importe do orzamento base de licitación máximo autorizado para a contratación é de, **SETENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS OITENTA E SETE CON NOVENTA CÉNTIMOS DE EURO, IVE INCLUÍDO**, que se desagrega como segue:

Total (sen IVE): 59.990,00 €

IVE (21 %): 12.597,90 €

Total (IVE incluído): 72.587,90 €

E. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato ascende a **CINCuenta E NOVE MIL NOVECENOS NOVENTA EUROS. (59.990,00)**, IVE excluído.

F. APLICACIÓN ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

Código do expediente: 2023-6

Esta actuación financiarase con fondos da Deputación Provincial de Ourense, patrón da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, mediante a concesión dunha subvención nominativa a favor da Fundación para "Mellora das Instalacións" de acordo a modificación de crédito número 2/2023 para o exercicio 2023.

G. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

Estimado mediante prezos unitarios referidos ás unidades de obras que se executen ao abeiro das posibilidades previstas no artigo 102.4 da LCSP.

H. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

De acordo co establecido no artigo 159. 4, a) da LCSP Todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, o cando proceda de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia.

Segundo o estipulado no artigo 77.1 da LCSP, a clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivese e para cuxa celebración non se esixa, polo que se o licitador conta coa clasificación no Grupo P, Subgrupo 3, Categoría 1, estará exento de acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

I. DOCUMENTOS QUE REVISTEN CARÁCTER CONTRACTUAL

Sen prexuízo das obrigas adicionais asumidas polo licitador ao formular a súa proposición, revestirán carácter contractual os seguintes documentos e na seguinte prelación en caso de contradición:

O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP)
O presente cadro de características
O prego de prescricións técnicas (PPT)
Memoria valorada por facultativo especialista.
O documento de formalización do contrato

J. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

A solvencia económica e financeira acreditarase, segundo o artigo 87 da LCSP, polos seguintes medios:

1. Volume anual de negocios que, referido ao mellor exercicio dentro dos tres (3) últimos dispoñibles, deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato.

O licitador acreditará o volume anual de negocios por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito no antedito rexistro, e no caso contrario polas contas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

2. En lugar do volume anual de negocios, poderase acreditar mediante xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais, considerárase solvente o licitador que acredite ter subscrito dito seguro cunha entidade aseguradora por un capital equivalente ao valor estimado do contrato.

A acreditación efectuarase a través do certificado expedido polo asegurador no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, prórroga ou renovación do seguro, nos casos que proceda.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario de conformidade co establecido no artigo 87 apartado 2 da LCSP.

K. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

Acreditarase esta solvencia, de conformidade co disposto no artigo 89 da LCSP polos seguintes medios:

A acreditación da solvencia técnica deberá xustificarse mediante unha relación das principais contratacións de servizos de tipoloxía semellante á que es obxecto de este procedemento efectuadas nos tres últimos anos, indicando o seu importe, data e destino público ou privado, á que se incorporarán os correspondentes certificados sobre estas.

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa unha entidade de carácter privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración do empresario.

Considerárase solvente ao licitador que declare ter executado en conxunto servizos que representen un volume de negocio igual o superior ao orzamento base de licitación ao mesmo tempo que incorpore o correspondente certificado sobre o mesmo, e que xustifique ao menos unha experiencia de tres anos neste sector.

De acordo ao establecido nos parágrafos anteriores, en relación coa solvencia técnica e profesional, o licitador deberá cubrir o seguinte cadro que se incluirá no sobre ÚNICO

Relación de Servizos semellantes nos últimos tres anos

Denominación	Importe	Data	Destinatario
.....

K. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A solvencia Técnica ou profesional será acreditada de acordo ao modelo

L. GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe a súa constitución.

M. GARANTÍA DEFINITIVA

De conformidade co establecido no artigo 107 da LCSP constituirase unha garantía definitiva do 5% do prezo final ofertado (IVE excluído).

N. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

N.1. CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS (SOBRE B): ata un máximo de 100 puntos

N.2.1. Oferta económica: ata un máximo de 80 puntos

Valorarase ata un máximo de 80 puntos o prezo ofertado polos licitadores, IVE excluído, segundo a seguinte fórmula:

$$V_i = 80 \times \frac{\text{ofertamáiseconómica}}{\text{ofertai}}$$

Sendo V_i = valoración da oferta i .

Considerarase como oferta máis económica a máis baixa das admitidas.

De acordo co establecido no artigo 149 da LCSP considerarase inicialmente como **oferta desproporcionada ou anormal** aquela oferta económica que sexa inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas admitidas a esta fase de valoración (valoración mediante fórmulas).

Neste caso, e conforme ao establecido no artigo 149.4 da LCSP darase ao licitador un prazo de 5 días hábiles para que xustifique a valoración da súa oferta e precise as condicións desta, co fin de que o órgano de contratación estime a posibilidade de cumprimento.

N.2.2. Prazo proposto: ata un máximo de 10 puntos

Proporase un prazo para a execución da obra, indicados en días.

Valorarase a redución de prazo global respecto ao que establece o prego de prescricións técnicas particulares (70 días). Aplicarase a seguinte fórmula:

$$V_i = 10 \times \frac{\text{prazomenorofertado(en días)}}{\text{prazo da oferta (en días)}}$$

Sendo V_i = valoración da oferta i

N.2.3 Ampliación do prazo de garantía: ata un máximo de 10 puntos

Valorarase ata unha ampliación de 24 meses sobre a garantía mínima esixida vinculados a defectos de instalación-execución do equipamento, xa que a maquina posúe garantía propia de fabricación.

Valorarase con cero puntos (0 puntos) no caso de que non amplíe o prazo de garantía. As empresas que presenten ampliación do prazo de garantía puntuaranse de forma proporcional, de modo que se outorgará 0 puntos ao licitador que non oferte aumento do prazo de garantía, e 10 puntos a quen ofrezca un aumento de ata 24 meses (en período mínimo de un mes).

Puntuación asignada: 10 x (ampliación a valorar/ampliación máxima).

O prazo ofertado sumarse ao prazo de garantía mínimo de 12 meses establecido no apartado P do Cadro-Resumen deste Prego.

Se existise empate na valoración entre dous ou máis licitadores, aplicaranse as seguintes **fórmulas de desempate** e pola orde de prelación que se indica a continuación:

1º) En caso de igualdade entre dúas o máis proposicións desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2 %. No caso de que varias empresas se encontren nas circunstancias expresadas no apartado anterior, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

2º) De conformidade co establecido nos artigos 67 e seguintes, e 72 e seguintes do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG nº32, do 17 de febreiro de 2016), aquela empresa que teña implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, tivera obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención), terá preferencia na adxudicación, sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

O incumprimento dos requisitos mínimos solicitados naquelas prestacións que se estableceron como de obrigado cumprimento para o licitador, suporá a exclusión automática da licitación.

Conforme o artigo 157.5 da LCSP poderán solicitarse, antes de formular a proposta, cantos informes técnicos se consideren precisos para verificar que as ofertas compren coas especificacións técnicas do prego. Se, como consecuencia da devandita verificación, se comprobouse a inexactitude de datos dunha oferta, esta resultará excluída.

Ñ. PRAZO DE EXECUCIÓN

Execución total do contrato: 70 días.

O. FORMA DE PAGAMENTO

Previa presentación da correspondente certificación da execución do contrato a satisfacción da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense e a presentación da

correspondente factura.
Anualidade 2023: o importe do contrato

P. PRAZO DE GARANTÍA

Un (1) ano ou o que, de ser o caso, oferte o licitador que resulte adxudicatario do contrato.

Q. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Este contrato administrativo poderá ser modificado de acordo co establecido na cláusula IX.1 do PCAP.

R. REVISIÓN DE PREZOS

Segundo o disposto no artigo 103 da LCSP neste contrato non caberá a revisión de prezos.

S. VARIANTES

Non se admiten.

T. ANUNCIO DE LICITACIÓN

Segundo o establecido no artigo 159.2 da LCSP o anuncio de licitación do contrato unicamente precisará de publicación no perfil do contratante do órgano de contratación. Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta ten que estar dispoñible por medios electrónicos dende o día da publicación do anuncio neste perfil.

U. OBRIGAS ESPECÍFICAS, REPRESENTACIÓN E RELACIÓNS COA FUNDACIÓN

Segundo o especificado no prego de prescricións técnicas e no clausulado deste prego administrativo.

V. DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR OS LICITADORES

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán **un SOBRE ÚNICO**, respectivamente, nas condicións e lugares establecidos na **cláusula III.1** do prego de cláusulas administrativas particulares.

Para os efectos do disposto no artigo 140 da LCSP os licitadores poderán designar como **confidencial** a documentación que conteña información facilitada que consideren con tal carácter. A designación deberá realizarse mediante un carimbo, ou similar, co que se imprima a palabra “confidencial”, en cada unha das páxinas que conteña información deste tipo.

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais ou copias debidamente autenticadas ante notario ou compulsadas por persoal da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso.

O contido do sobre, será o seguinte:

SOBRE ÚNICO:

Incluirase a seguinte documentación, segundo artigo 159 da LCSP, 6.P:

- **Documentación administrativa**

- a) Será suficiente con achegar unha declaración responsable do candidato indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (segundo modelo que figura como **Anexo II** do prego de cláusulas administrativas particulares).
- b) En caso de concorrer como Unión Temporal de Empresarios (UTE), o compromiso de constitución e nomeamento dun representante ou apoderado único da UTE.
- c) Manifestación expresa sobre si a empresa pertence ou non a un grupo empresarial.

Se entenderá que existe grupo empresarial cando a empresa se atope nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio. Neste caso a empresa fará constar esta circunstancia, así como o suposto concreto do mencionado artigo no que se atope incurso, para os efectos do disposto no artigo 86 do RXLCAP. Acompañar, ademais, unha RELACIÓN das empresas que forman parte do grupo indicando si algunha máis se presenta á licitación. (**Anexo II** do PCAP).

De acordo co establecido no artigo 140.4 da LCSP o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia e ausencia de prohibicións para contratar esixidos, será o de finalización do prazo de presentación de proposicións, e subsistir no momento de perfección do contrato.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os candidatos acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

- **Documentación económica e técnica relativa a criterios de valoración cuantificables mediante a aplicación de fórmulas**

- a) Unha relación de todos os documentos contidos neste sobre.
- b) Oferta económica, segundo o modelo que se achega como **Anexo III** do PCAP, respectando as condicións establecidas na cláusula III.2.2 do citado PCAP.
- c) Documentación técnica relativa aos criterios de valoración cuantificables mediante fórmulas, que se citan na cláusula N.2.2 e N.2.3 deste cadro de características.
- d) Se fora o caso, para a aplicación do establecido na cláusula N (criterios de valoración - fórmulas de desempate) deste cadro de características, a relación laboral con persoas con discapacidade acreditarase mediante a achega neste sobre da seguinte documentación:

Declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que estes representan sobre o total do cadro de persoal.

Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.

Relación dos traballadores fixos discapacitados acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.

Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados.

- e) Se fora o caso, documentación xustificativa de ter implantado a entidade un plan de igualdade ou de ter obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de conformidade co establecido nos artigos 67 e seguintes, e 72 e seguintes do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o reflectido na

cláusula N (criterios de valoración - fórmulas de desempate) desta cadro de características.

W. MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS A ADSCRIBIR

Compromiso do licitador de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a execución da obra.

X. PERFIL DO CONTRATANTE

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización de outros medios de publicidade segundo Artigo 159.6.a. esta Fundación realizará publicidade na páxina web oficial: www.expourense.org.

Z. RESPONSABLE DO CONTRATO

Desígnase como responsable do contrato ao director facultativo.

AA. SUBCONTRATACIÓN

Os licitadores deberán indicar na súa oferta a parte da obra que teñan previsto subcontratar (segundo modelo que se achega como **Anexo III** do PCAP) sinalando o seu importe e a porcentaxe que supón respecto a totalidade do orzamento. Así mesmo indicarán o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización consonte ao indicado no artigo 215 da LCSP.

De acordo co citado artigo 215, en todo caso, o adxudicatario deste contrato deberá xustificar suficientemente a aptitude do subcontratista, antes de celebrar o subcontrato.

AB. CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

ADMINISTRATIVAS:

cbermejo@expourense.org
directordeportivo@expourense.org

TÉCNICAS:

deporteysistemas@expourense.org